



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 26 DE XULLO DO 2019.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> D<sup>a</sup>. María José Sampedro Fernández (Alcaldesa en funcións)</p> <p><b>Membros que asisten:</b> D<sup>a</sup>. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Ramón José Doval Sampedro D<sup>a</sup>. Ana Isabel Barreiro Rego D. Víctor Reiriz Lampón D<sup>a</sup>. Juana María Brión Santamaría D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos</p>	<p><b>Interventor.:</b> D. Pablo Bao Castro</p> <p><b>Secretario Xeral:</b> D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b> D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de xullo do dous mil dezanove, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 27 de xuño de 2019

**II.- CONTRATACIÓN.**

**APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO "MODIFICADO 1 DO PROXECTO PARA AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO DA PLANTA SEGUNDA DO MERCADO MUNICIPAL DE RIVEIRA, CON DESTINO A ESCOLA DE HOSTALARÍA".**

Visto o expediente tramitado para contratar a execución das obras do proxecto de "**Acondicionamento do espazo da planta segunda do Mercado Municipal de Riveira, con destino a Escola de Hostalaría**".





O citado proxecto, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en agosto/2018, cun orzamento total de 208.541,06 euros (base: 172.347,98 euros; IVE 21%: 36.193,08 euros), foi aprobado por decreto da alcaldía da data 05/11/2018.

O expediente de contratación (por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación, prezo máis baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 431A 62221, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 08/11/2018.

A licitación anunciouse no Perfil do Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 09/11/2018.

A adxudicación realizouse por acordo de Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión da data 31/01/2019 a favor da empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. (CIF: A15352735).

O correspondente contrato administrativo asinouse na data 22/02/2019.

Con data 04/07/2018, o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño, como director das obras, presentou un informe no que se propón a redacción do **Modificado nº 1** ao proxecto.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 04/07/2018, a Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 11/07/2019 adoptou os seguintes acordos:

*-Autorizar o inicio do correspondente expediente de modificación do contrato de Acondicionamento do espazo da planta segunda do mercado municipal de Riveira, con destino a Escola de Hostalaría.*

*-Autorizar ó arquitecto municipal e director facultativo das obras de Alberto Iglesias Fungueiriño, para que proceda a redactar o modificado do proxecto das obras de Acondicionamento do espazo da planta segunda do mercado municipal de Riveira, con destino a Escola de Hostalaría.*

Con data xullo/2019 o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño redactou o **Modificado 1 do proxecto para as obras de Acondicionamento do espazo da planta segunda do mercado municipal de Riveira, con destino a Escola de Hostalaría**, no que se describe o obxecto e necesidade do proxecto modificado do xeito que consta na súa memoria descriptiva.

O orzamento do proxecto modificado ascende (unha vez reducida a porcentaxe da baixa ofertada na licitación) á cantidade total de 215.060,44 euros (Base: 177.735,90 euros; IVE 21%: 37.324,54 euros), polo que a valoración das modificacións ascende á cantidade total de 45.203,75 euros (Base: 37.358,47 euros; IVE 21%: 7.845,28 euros).

Constan no expediente os seguintes documentos:

- ✓ Acta de prezos contradictorios e audiencia ao contratista asinada polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño e por Eulogio Viñal Iglesias en representación da empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- ✓ Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 18/07/2019 (número de operación 2019 22014649), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 431A 62221.





- ✓ Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 23/07/2019.
- ✓ Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 23/07/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- ✓ Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 23/07/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

Vista a cláusula 34.7 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o contrato para a execución das obras, respecto ás Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

Visto os informes favorables emitidos polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle e polo interventor Pablo Bao Castro na data 23/07/2019.

Vistos os artigos 203 e seguintes, e o artigo 242 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como a cláusula 34 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta contratación.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS**:

**PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras do “MODIFICADO 1 DO PROXECTO PARA AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO DA PLANTA SEGUNDA DO MERCADO MUNICIPAL DE RIVEIRA, CON DESTINO A ESCOLA DE HOSTALARÍA”,** segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xullo/2019, cun orzamento que ascende (unha vez reducida a porcentaxe da baixa ofertada na licitación) á cantidade total de 215.060,44 euros (Base: 177.735,90 euros; IVE 21%: 37.324,54 euros), polo que a valoración das modificacións ascende á cantidade total de 45.203,75 euros (Base: 37.358,47 euros; IVE 21%: 7.845,28 euros).

**SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente** con cargo á aplicación orzamentaria 431A 62221.

**TERCEIRO.- Requerir a empresa contratista para que proceda a actualizar a fianza definitiva do contrato,** como requisito previo á formalización do correspondente contrato.

### III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.





#### IV.- AUTORIZACIÓN DEMANIAS

##### ACORDO DE DESISTIMIENTO DE INSTALACION DE TERRAZA – OSCAR MIGUEL MARIÑO RODRIGUEZ.

Visto o escrito presentado por **Óscar Miguel Mariño Rodríguez**, de data 26/06/2019 (Rexistro de entrada nº 9.221), no que solicita que se de de baixa a solicitude de terraza do establecemento “Café-Bar Arrecife”, sito en Rúa Manzanares, 19 (Riveira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Vixiante de Rendas e Exaccións, José Ramón Ces Pazos, de data 19/07/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Primeiro.- ACEPTAR O DESISTIMIENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMIENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

**Segundo.-** Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

##### RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE.

*FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Centro de fisioterapia e readaptación, (IAE 942.9).*

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 5ª Residencial Media Colectiva Aliñada.*

*REFª CATASTRAL: 8984150MH9088N0002OE.*

*SITUACIÓN: Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 37, Aguiño, Riveira.*

*PROMOTOR/A: SOCIEDAD ABEIJÓN VIÑA FISIOTERAPIA Y READAPTACIÓN S.L.P. (CIF B-70580055).*

*AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel Vidal García, Arquitecto Técnico*

*PROXECTO: Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación Galicia o día 25 de outubro de 2018.*

*AUTORIZACIÓN SECTORIAL: Informe emitido pola Comisión Técnica de Accesibilidade asinado polo presidentee polo vicesecretario xeral P.A. Sr. Camilo Rios Gesta, e polo arquitecto da Subdirección Xeral de proxectos e Accesibilidade Sr. Alfonso Fernández Cao.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Vista a solicitude e documentación presentada pola SOCIEDAD ABEIJÓN VIÑA FISIOTERAPIA Y READAPTACIÓN S.L.P. (CIF B-70580055), para exercer a actividade de centro de fisioterapia e readaptación, (IAE 942.9) en instalacións sitas na Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 37, Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 8984150MH9088N0002OE.



#### FIRMANTE - FECHA





**SEGUNDO.-** Visto o Informe emitido pola comisión técnica de accesibilidade asinado polo presidente e polo vicesecretario xeral P.A. Sr. Camilo Rios Gesta, e polo arquitecto da subdirección xeral de proxectos e accesibilidade Sr. Alfonso Fernández Cao.

**TERCEIRO.-** Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 16 de xullo de 2019 emitida polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

**CUARTO.-** Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 15 de xullo de 2019 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa ambiental de aplicación.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, visto o informe emitido pola comisión técnica de accesibilidade asinado polo presidente polo vicesecretario xeral P.A. Sr. Camilo Rios Gesta, e polo arquitecto da subdirección xeral de proxectos e accesibilidade Sr. Alfonso Fernández Cao, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 16 de xullo de 2019 emitida polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras xirar a pertinente visita de comprobación, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 15 de xullo de 2019 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 16/07/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade de centro de fisioterapia e readaptación, (IAE 942.9), solicitada pola SOCIEDAD ABEIJÓN VIÑA FISIOTERAPIA Y READAPTACIÓN S.L.P. nas instalacións sitas na Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 37, Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 8984150MH9088N0002OE:

- *Deberá de cumprir o establecido polo Decreto 42/2014 de 27 de marzo polo que se modifica o establecido polo Decreto 12/2009 de 8 de xaneiro mediante o que se regula a autorización de centros servizos e*





*establecementos sanitarios, aos efectos de dar de alta e posta en funcionamento da actividade.*

**SEGUNDO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**TERCEIRO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**CUARTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

## VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

**1.-** Vistos os escritos presentados por **Josefa María Pérez Martínez**, de datas 07/12/2018 e 16/07/2019 (Rexistros de entrada nº 17.392 e 10.294), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta semisoto, planta baixa e baixocuberta na Rúa Fondevila nº 9, Riveira en parcela con refª catastral nº 0421916NH0102S0001DH.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal, Jesús García Ramos con sinatura dixital o día 24 de xuño de 2019 e visto o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día 15 de xullo de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20190400582
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 19/09/2019	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/09/2019	Fecha: 19/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/09/2019 12:08:55		Hora: 12:06







emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 18/07/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Josefa María Pérez Martínez **LICENZA DE OBRAS (Nº 22/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SEMISOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** na Rúa Fondevila nº 9, Riveira en parcela con refª catastral nº 0421916NH0102S0001DH, nos termos do Proxecto Básico de decembro de 2018 redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451), así como contrato privado de autorización de arrimo e adose asinado o día 16 de maio de 2018:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde, co preceptivo visado colexial.***

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de*





*conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*

- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non







poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**2.-** Visto o escrito presentado por **Manuel Regueira González**, de data 20/06/2019 (Rexistro de entrada nº 8.903), nos que solicita licenza de obras para ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa e edificación auxiliar destinada a garaxe, sita na Rúa Xunqueiras, Aguiño Riveira en parcela con refª catastral nº 8581037MH9088S0001RP.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital o día 23 de xullo de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de





Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/07/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** ao Sr. Manuel Regueira González **LICENZA DE OBRAS (Nº 23/19** para **AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E EDIFICACIÓN AUXILIAR DESTINADA A GARAXE**, sita na Rúa Xunqueiras, Aguiño Riveira en parcela con refª catastral nº 8581037MH9088S0001RP, nos termos do Proxecto Básico de maio de 2019 redactado pola Sra. Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecta col. nº 2.498):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

**SEGUNDO.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de*





*servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*

- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulan pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as



**FIRMANTE - FECHA**





augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Xerardo S. Tarrío Calvo**, de data 11/06/2019 (Registro de entrada nº 8.191), no que solicita certificación urbanística de que a parcela situada en Rúa Francisco Lorenzo Mariño, 48 (Aguiño), con referencia catastral nº 8785306MH9088S0001YP, non invade vía pública.

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 17/07/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:





Solicítase certificado que acredite que a finca arriba referenciada, na que existe un edificio de vivendas e parte dela pechada con muro non invaden solo público municipal.

Presentados os Servizos Técnicos municipais no lugar, se constata que o ancho entre fachadas na dita rúa é de 13,20 m. No PXOM está previsto un vial de 12 m de ancho no mesmo lugar.

A edificación existente foi construída con licenza municipal, e nas condicións xerais de dita licenza, apartado 12, especifica que o terreo sobrante entre a liña de edificación e a vía pública, en solo urbano, quedará automaticamente incorporado a esta como ben de dominio e uso público, circunstancia que tamén se aplica á porción de finca pechada con muro.

Polo exposto anteriormente, se conclúe que a finca arriba referenciada non ocupa nin invade a vía pública.

#### VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### XI.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **José Brión Brión**, de data 05/07/2019 (Registro xeral de entrada nº 9.769), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Iglesia, nº 6, Corrubedo.

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 17/07/2019 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Conceder** a **José Brión Brión** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (2,50 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e con reforzo de



FIRMANTE - FECHA





pintado de marca vial amarela paralela á fachada, na entrada ao garaxe do inmoible situado en Rúa Iglesia, nº 6, Corrubedo, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

## XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

### APROBACIÓN BASES CONCURSOS ESCAPARATISMO, DECORACIÓN HOSTALEIRA E RUTA DE TAPAS.

Vista a **proposta** do Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, de data 19/07/2019, na que solicita a aprobación das bases dos concursos de escaparatismo, decoración hostaleira e ruta de tapas co motivo da celebración da feira Artemar Riveira 2019.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases dos concursos de escaparatismo, decoración hostaleira e ruta de tapas co motivo da celebración da feira Artemar Riveira 2019

### AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN 2ª FEIRA DA CERVEXA ARTESÁ DE RIVEIRA (2ª RIVEIRA BEER FEST)

Vista a **proposta** do Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, de data 19/07/2019, na que solicita a autorización da 2ª Feira da Cervexa Artesá de Riveira (2ª Riveira Beer Fest), do 20 ao 22/09/2019 no Malecón de Riveira.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Autorizar** a celebración da 2ª Feira da Cervexa Artesá de Riveira (2ª Riveira Beer Fest), do 20 ao 22/09/2019 no Malecón de Riveira, sempre e cando sexa a propia Asociación Galega de Cervexeiros Artesáns os que asuman todos os conceptos que solicitan ao Concello de Riveira (Baños sanitarios, acometidas de luz e auga e reforzo de contenedores)

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE COMPRAVENDA DE NAVE INDUSTRIAL DE DÚAS PLANTAS, EMPRAZADA NO LUGAR DE CRUXEIRAS, PROPIEDAD DA ENTIDADE “COCHERIZA S.L.”

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes,







### ANTECEDENTES DE FEITO

**1º** Na data 19 de xuño do 2019, o Alcalde dita Providencia na que fai constar o seguinte: *“No lugar de Cruxeiras, parroquia e municipio de Riveira, ubícase unha nave industrial de dúas plantas, cuxas características fan que sexa idónea ás necesidades deste Concello, tal e como dispón o arquitecto municipal en informe emitido na data 23/04/2019: “A edificación que se pretende comprar con destino a almacén municipal ven a cubrir unha clara necesidade, que evita ter que alugar locais de grandes dimensións para este uso que se precisa, e que cada vez se demanda un espazo maior, tanto en superficie como en volume, ou altura de local. A presente nave, emprazada na finca nº 468 do polígono 500 de catastro de Riveira, conta cunha superficie total construída de 1.416 m2, 708 en planta baixa e 708 en planta semisoto. Esta edificación adáptase ás necesidades de acopio que demanda a día de hoxe a coordinación municipal de obras e de xestión de todo tipo de eventos municipais. Pola natureza da operación (inversión inmobiliaria) trátase dunha operación financeiramente sostible segundo o establecido no Real Decreto-Lei 10/2019, do 29 de marzo, polo que se prorroga para o 2019 o destino do superávit das corporacións locais para inversións financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo destas. Estímase que a inversión a efectuar garante que nos próximos 5 anos se reduciría o gasto de aluguer de locais destas características para a demanda actual existente. Gastos de aluguer nos próximos 5 anos, e que se van a eliminar coa inversión da presente operación de compra: Ano 1: 30.000 euros; Ano 2: 30.000 euros; Ano 3: 30.000 euros; Ano 4: 30.000 euros; Ano 5: 30.000 euros. Total 5 anos: 150.000 euros. Desta forma considerase sobradamente xustificada a inversión a realizar, e que terá unha vida útil moi superior a 5 anos, debido ao estado actual da edificación.”*

A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de compravenda da nave industrial antes referida, incorporando ao expediente o informe emitido na data 23/04/2019 polo arquitecto municipal antes citado e o informe de taxación emitido na data 20/03/2019 pola enxeñeira municipal.

**2º** Consta no expediente informe emitido na data 20 de marzo de 2019 pola enxeñeira municipal, Uxía Landeira Pereira, no que valora o inmovible que se pretende adquirir na contía de 289.653,41 euros.

**3º** Así mesmo, consta no expediente informe de idoneidade da parcela, emitido polo arquitecto municipal na data 12/07/2019.

**4º** Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, recadou se a documentación referida ao citado inmovible: datos catastrais e títulos de propiedade.

**5º** Tamén consta no expediente nota simple informativa de data 19/06/2019, solicitada ao Rexistro da Propiedade de Noia mediante oficio da alcaldía do mesmo día.





6º Na data 22/07/2019, o interventor municipal emite informe no que fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal para a realización da compra pretendida, en concreto na aplicación orzamentaria 933.62203.

Así mesmo, fai constar que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente para o exercicio 2019 ascenden a 1.904.010,83 €.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** O artigo 9.1º do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 RB, atopamos a adquisición a título oneroso que pode ter lugar por medio de contrato (compravenda, permuta...) ou a través de expropiación forzosa.

A adquisición por medio de contrato ven regulada no artigo 11 RB, que se remite á normativa de contratación das Corporación Locais, e esixe de xeito específico, cando se trate da adquisición a título oneroso de bens inmobles, as seguintes actuacións formais:

a) Informe pericial previo, en todo caso de adquisición de inmovible, no que non só debe valorarse o ben, senón tamén xustificar a razón da conveniencia da súa adquisición.

b) Informe do órgano autonómico competente, en caso de inmobles de valor histórico ou artístico, cuxo valor de adquisición exceda do 1 por cen dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

É necesario tramitar o correspondente expediente de adquisición.

De conformidade coa Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidade locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo



#### FIRMANTE - FECHA





100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisicións de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

**SEGUNDO.-** No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso por medio dun contrato de compravenda, do inmovible que se describe a continuación:

*Descrición: NAVE industrial composta de planta de soto e planta baixa, ambas a un so vo, da superficie de 708 metros cadrados, que, co resto do terreo que se lle une, constitúe unha soa finca da superficie total de 1.403 metros cadrados, sita no lugar de Cruxeiras, parroquia e municipio de Riveira, que presenta os seguintes lindeiros: Norte, a sociedade "Promociones Las Dunas, S.L."; Sur, a sociedade "Vioder, S.L." (finca rexistral 36497); Este, Manuel Sendón; e Oeste, camiño.*

*Titulares do inmovible: Cocheriza S.L., con CIF B-15546443, 100% do pleno dominio.*

*Título: División material, en virtude da escritura outorgada o día 19/06/2012, ante o Notario de Boiro D. José Prieto Luengo, número 1019 do seu protocolo.*

*Inscrición: Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Folio 72 do Tomo 1441 do Arquivo, Libro 426 de Riveira, finca número 36.496.*

*Referencia catastral: 15074A005004680000KS.*

*Clasificación do solo: Solo rústico de protección ordinaria.*

*Cargas: Gravada cunha servidume de paso para persoas e de vehículos a través do terreo colindante con D. Manuel Sendón, en favor da finca rexistral 36.497 propiedade da sociedade "Vioder, S.L.", segundo resulta da súa inscrición 1ª de data 04/09/2012.*

Polo tanto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas.

**TERCEIRO.-** En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe pericial emitido na data 20 de marzo de 2019 pola enxeñeira municipal, no que se valora o inmovible do que se pretende a súa adquisición nun total de 289.653,41 €.





En informe emitido na data 22/07/2019, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

**CUARTO.-** En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmoables, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

A estes efectos, a adquisición dun ben inmovible é un contrato que ten carácter privado da Administración e réxese pola lexislación patrimonial, como así resulta dos artigos 4 e 9 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. A referida lei prevé que teñen a consideración de negocios e relacións xurídicas excluídos do ámbito da mesma *“Los contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamiento y demás negocios jurídicos sobre bienes inmuebles, valores negociables y propiedades incorpóras, a no ser que recaigan sobre programas de ordenador y deban ser calificados como contratos de suministro o servicios, que tendrán siempre el carácter de contratos privados y se registrarán por la legislación patrimonial.”* E a lexislación patrimonial aplicable ás Entidades Locais na Comunidade Autónoma de Galicia está constituída polos preceptos básicos da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e do Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, os preceptos relativos ao Patrimonio da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (que no caso da adquisición de bens a título oneroso tamén se remite á normativa reguladora da contratación), e con carácter supletorio, os preceptos non básicos da Lei 33/2003 e do seu Regulamento e polo Real 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o RB antes referido.

Así, e con relación ao procedemento, soamente procede a adquisición directa nos supostos seguintes: polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben (artigo 116.4 da Lei 33/2003).

Igualmente, poderá acordarse a adquisición directa nos seguintes supostos:

- Cando o vendedor sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
- Cando fora declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.
- Cando se adquira a un copropietario unha cuota do ben, en caso de condominio.
- Cando a adquisición se realice en virtude dun dereito de adquisición preferente.





No presente caso, no informe emitido na data 15 de xullo do 2019 polo arquitecto municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición e a especial idoneidade do ben que se pretende adquirir: *“No lugar de Cruxeiras, parroquia e municipio de Riveira, está situada una nave industrial de dúas plantas, propiedade da entidade “COCHERIZA, S.L.”, cuxa idoneidade ás necesidades a cubrir por este Concello xa foi posta de manifesto en informe emitido por min na data 23/04/2019. Así, o Concello de Riveira fai anos que está na procura dunha nave que poida utilizar como almacén municipal, e como base do persoal de mantemento do departamento de obras e servizos, pois o inmovible que se está a utilizar na actualidade para estas tarefas non é propiedade do Concello de Riveira, utilizándose en réxime de aluguer, polo que, de efectuarse a compra, eliminaríanse os gastos de aluguer de locais destas características para a demanda actual existente.*

*Como xa se dispuxo no informe antes citado, a edificación que se pretende comprar con destino a almacén municipal ven a cubrir unha clara necesidade, que evita ter que alugar locais de grandes dimensións para este uso que se precisa, e que cada vez se demanda un espazo maior, tanto en superficie como en volume, ou altura de local. A referida nave, emprazada na finca nº 468 do polígono 500 de catastro de Riveira, conta cunha superficie total construída de 1.416 m<sup>2</sup>, 708 en planta baixa e 708 en planta semisoto. Esta edificación adáptase ás necesidades de acopio que demanda a día de hoxe a coordinación municipal de obras e de xestión de todo tipo de eventos municipais, non so pola súa superficie, senón pola altura e volume da edificación. Todas estas características fan que este inmovible sexa especialmente idóneo ao obxecto da súa adquisición polo Concello, o que imposibilita a adquisición doutra nave e xustifica plenamente a imposibilidade de promover a concorrencia de ofertas.”; o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.*

**QUINTO.-** O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación nin o importe de tres millóns, segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acorda-la adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, facendo unha única precisión con respecto ó inmovible cuxa adquisición se pretende, xa que presenta unha carga propia ao estar gravada cunha servidume de paso para persoas e de vehículos a través do terreo colindante con D. Manuel Sendón, en favor da finca rexistral 36.497 propiedade da sociedade “Vioder S.L.”, segundo resulta de inscrición 1ª de data 04/09/2012. Neste caso, con anterioridade á formalización da compravenda, a entidade “Cocheriza S.L.”, como titular do 100% do pleno dominio do referido inmovible, debe liberar a este do citado gravame, ao pretender o Concello a adquisición deste ben para almacén municipal, é dicir, para servizo público, polo que deberá adquirirse libre de cargas e gravames.



FIRMANTE - FECHA





Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Seira Ríos, de data 23/07/2019, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Primeiro.-** Adquirir o inmovible descrito no Fundamento Segundo deste informe, coa referencia catastral 15074A005004680000KS, propiedade da entidade "Cocheriza S.L.", con CIF B-15546443, polo prezo total de 289.653,41 euros, que se fará efectivo mediante o correspondente cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda.

**Segundo.-** O inmovible que se pretende adquirir mediante compravenda ten como finalidade destinarse a almacén municipal, e debe adquirirse libre de cargas e gravames, polo que, con anterioridade á formalización da compravenda en escritura pública, a entidade "Cocheriza S.L.", deberá liberar o inmovible do gravame que pesa sobre o mesmo.

**Terceiro.-** O fin da adquisición deste inmovible é destinalo á almacén municipal.

**Cuarto.-** As partes vendedoras quedan obrigadas á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

**Quinto.-** Incluír o inmovible adquirido no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez perfeccionada a súa adquisición.

**Sexto.-** Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura da escritura pública de adquisición do ben inmovible, sendo por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda, agás os que se deriven da extinción da servidume de paso, que serán de quen correspondan segundo Lei.

**Sétimo.-** Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistras, segundo a lexislación hipotecaria.

**Oitavo.-** Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolles que deberán comparecer no momento en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

#### APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Deportes, Juana María Brión Santamaría, de data 23/07/2019, relativa ao inicio do expediente subvencionador



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20190400582
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES	19/09/2019	Fecha: 19/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	19/09/2019	Hora: 12:06
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/09/2019 12:08:55		







para a posta en marcha da convocatoria de achegas para o outorgamento de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas que destacasen na súa faceta competitiva durante o ano 2018.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/07/2019.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o inicio do expediente subvencionador para a posta en marcha da convocatoria de achegas para o outorgamento de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas que destacasen na súa faceta competitiva durante o ano 2018.

Liñas de subvención:

Beca a): Tokio 2020, destinada a deportistas de alto rendemento, de disciplinas olímpicas ou paraolímpicas, integrantes do equipos das seleccións nacionais absolutas, con opción a clasificarse para participar na Olimpiada Tokio 2020; destinándose 6.000,00 €, cunha contía máxima de cada bolsa de 3.000,00 €.

Beca b): para outros deportistas que destacaran na súa faceta competitiva no ano 2018; destinándose 8.000,00 €, cunha contía máxima de cada bolsa de 1.000,00 €.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

**A Alcaldesa en funcións**

**María José Sampedro Fernández**

**Dou fe, o secretario xeral**

**Juan Manuel Salguero del Valle**

